

Sr Alcalde, antigo profesorado e alumnado do Instituto, no nome de toda a comunidade educativa do IES de Ortigueira darvos a benvida de novo á que continúa a ser a vosa casa.

Este instituto de Ortigueira, que foi construído e copagado ou repagado por todo un pobo unido, e que continúa a ser construído día a día por profesorado e alumnado do que estamos moi orgullosos, cumpre nestes primeiros días de novembro 40 anos de funcionamento. Se ben é certo que o Consello Escolar decidiu no seu momento celebrar os 25 anos, e agardar ata os 50, o interese dunha comisión encabezada por Bernardo Penabade e outro profesorado dos primeiros anos fixo que hoxe esteamos todos aquí, dez anos antes.

A idea que temos para este acto non é a de facer un estudo detallado de todo o que aconteceu aquí. Trátase sobre todo de tirar das lembranzas e das emocións dos que pasarnos por aquí como alumnos e alumnas, dos que pasastes como profesorado, nais e pais, e mesmo xa avós do alumnado.

Polo tanto é un día para sentírmonos orgullosos do que fixemos xuntos, para tirar e publicar fotografías neses espazos que vos traian as mellores lembranzas, as pistas deportivas para algún, a biblioteca para outros, ou calquera deses recunchos nos que tedes feito algo, prohibido ou non.

Tratamos de facer hoxe, xunto coa visita guiada, unha pequena exposición do que se está a facer estes anos no centro, e sobre todo do que estamos a facer no campo da FP que foi esquecida por Ortigueira moitos anos.

E non porque descoidemos a ESO e o Bacharelato. Estarnos moi orgullosos do traballo de todos os departamentos do centro, desde aqueles que teñen máis visibilidade, porque tratamos de que vexades o noso día a día na Tecnoloxía, coas numerosas actividades que realizan e cos premios que van acadando, na Música con ese maravilloso coro, e, por suposto, naquelas que non saen na prensa aínda que son tanto ou máis importantes, como é a atención a persoas con necesidades especiais e a pedagogía terapéutica, o traballo no terreo dos idiomas estranxeiros, as actividades extraescolares, e a Normalización Lingüística, tan difícil de acadar nesta nosa Ortigueira.

Decía que ides visualizar a nosa FP, porque corno ben sabedes era a pata educativa que lle faltaba a Ortigueira, e porque aínda hoxe hai reticencias na sociedade local, a pensar nesta opción como alternativa de futuro. Polo tanto hoxe imos a facer iso que se chama discriminación positiva, nesta terra que cantos titulados universitarios procedentes do noso Bacharelato, e dos nosos antigos BUP E COU, ten producido.

Ao mesmo tempo trataremos de lembrar aqueles primeiros tempos, nos que as persoas que nos precederon tiveron que sentar as bases, partindo de cero, do que é o instituto a día de hoxe.

Poido decirvos, como curiosidade, que no primeiro claustro tiveron que debatir, por exemplo, se se podía fumar nas clases ou non, habendo propostas variadas como eran: Non se pode, o alumnado non e o profesorado si, si agás en caso de máis de 15 persoas por clase, si nos exames para reducir o estrés que producen, etc, etc. É dicir, estaba todo sen facer, en moitos casos porque non había unha normativa autonómica e cercana, porque o instituto é anterior á autonomía. Todo estaba sen regular.

Daquela era polo tabaco, hai uns anos chegou a debatirse polo uniforme, agora débátese polos teléfonos móbiles, e quen sabe por que se debatirá no futuro.

Agradecendo unha vez máis a vosa asistencia, imos proceder a organizar esa visita guiada, na que, como dixen antes, podedes tirar fotos, e podedes e debedes publicalas nas vosas redes sociais, para que todo o mundo saiba onde está Ortigueira, e para que todo o mundo saiba de onde vides.

Porque o noso desexo é que esteades orgullosos dos vosos centros educativos e que os defendades desde todas as vosas posicións.

Algún día, se queredes, chegada a xubilación, podedes voltar por aquí, para cursar a nosa FP. Porque tamen temos xente que aproveita esa oportunidade.



